



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA  
Secretaría Xeral



SOCIEDADE PARA O  
DESENVOLVEMENTO COMARCAL  
DE GALICIA



**Concello de Riós**

# Exposición pública da toponimia do **Concello de Riós**

**Lugar:**

Casa da Castaña,  
Barrio da Igrexa, A Chaira.

**Data:**

Venres, 9 de xuño,  
ás 11:00 h.



A microtoponimia (nomes de terras, montes, valgadas, regueiros, fontes, penedos, muiño...) do concello de Riós recolleuse dentro do marco do Proxecto Toponimia de Galicia. Foi o concello pioneiro deste proxecto promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e que naceu no ano 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo.

Galicia conta con milleiros de topónimos. Esta abundancia de nomes viuse favorecida pola dispersión dos núcleos de poboación; a enorme repartición da terra (minifundismo); unha orografía irregular e dificultosa; a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros; a variada vexetación... e a propia idiosincrasia dos galegos de querer nomear cada anaquiño da súa terra. Estas circunstancias permitiron que exista en Galicia este abundantísimo e riquísimo manto toponímico que cubre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizándoa e engadíndolle un amplo pouso histórico de incalculable valor.

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste avoengo tesouro toponímico. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a toponimia galega, confeccionando unha base de datos através dunha exhaustiva e coidadosa recolleita oral, transcrición e revisión científica de cada nome. Será unha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proxecto emprega unha novidosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIX (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.



## PROGRAMA

**11:00 h.**

Visita dos asistentes á exposición das ortofotos coa toponimia e dos posters con información sobre os resultados do proxecto e a etimoloxía dos nomes.

**12:00.**

Apertura do acto por parte do Sr. alcalde don Francisco Armando Veiga Romero.

Presentación do acto por parte de Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (Directora Xeral da Administración Local - Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Charla sobre a Comisión de Toponimia e O Proxecto Toponimia de Galicia.

Xermán García Cancela (Coordinador do Proxecto Toponimia de Galicia e Secretario da Comisión de Toponimia da Xunta)

Os traballos de campo na recolleita da toponimia do concello de Riós.

Vicente Feijoo Ares (Coordinador dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia e técnico que recolleu a toponimia de Riós)

**13:00**

Os asistentes poderán tomar un pincho con produtos da terra e cun viño galego.